

*Negar o azul. A poesía do Prestige na literatura galega*¹

María Xesús Nogueira Pereira²

Recibido: 15 de novembro de 2022 / Aceptado: 15 de decembro de 2022

Resumo. O accidente do petroleiro Prestige acontecido fronte á costa galega en novembro de 2002 e a xestión da catástrofe medioambiental deu lugar a unha mobilización cidadá con grande implicación dos axentes da cultura. O papel desenvolvido pola poesía quedou patente na celebración de numerosos recitais ao longo da xeografía galega, así como da publicación de catro volumes colectivos. O presente artigo ten como obxectivo a análise da poesía escrita en galego a raíz do accidente. O estudo céntrase no corpus de poemas publicados nos meses inmediatamente posteriores ao afundimento e atende á continuidade do ciclo. Ademais de facer unha achega ao contexto, tanto social como literario, no que este corpus xorde, o traballo identifica os principais trazos comúns, temáticos e formais, da poesía do Prestige.

Palabras chave: poesía galega; ecopoésía; Prestige; ecocrítica; ecofeminismo.

[es] *Negar el azul. La poesía del Prestige en la literatura gallega*

Resumen. El accidente del petrolero Prestige sucedido frente a la costa gallega en noviembre de 2002 y la gestión de la catástrofe medioambiental dio lugar a una movilización ciudadana con gran implicación de los agentes de la cultura. El papel desempeñado por la poesía ha quedado patente en celebración de numerosos recitales a lo largo de la geografía gallega, así como de la publicación de cuatro volúmenes colectivos. El artículo tiene como objetivo el análisis de la poesía en gallego escrita en gallego a raíz del accidente. El estudio se centra en el corpus de poemas publicados en los meses inmediatamente posteriores al hundimiento y atiende a la continuidad del ciclo. Además de hacer una aproximación al contexto, tanto social como literario, en el que surge este corpus, el trabajo identifica los principales rasgos comunes, temáticos y formales, de la poesía del Prestige.

Palabras clave: poesía gallega; ecopoésía; Prestige; ecocrítica; ecofeminismo.

[en] *Deny the blue. Prestige Poetry in Galician Literature*

Abstract. The Prestige oil tanker accident off the Galician coast in November 2002 and the management of the environmental catastrophe gave rise to a citizen mobilization with significant involvement of cultural agents. The role played by poetry has been evident in the celebration of several recitals throughout Galicia, as well as in the publication of four volumes of collective authorship. The article aims to analyze Galician poetry as a result of the accident. The study focuses on the corpus of poems published in the months immediately after the sinking and attends to the continuity of the series. In addition to making an approximation to the context, both social and literary, in which this corpus arises, the paper identifies the main common, thematic, and formal features of the poetry of the Prestige.

Keywords: Galician Poetry; Ecopoetry; Prestige; Ecocriticism; Ecofeminism.

Sumario. 1. Introducción. 2. A delimitación do corpus. 3. O marco de análise. 4. A poesía do Prestige na literatura galega. 5. Análise. 5.1. O mar como eixe temático. 5.2. Modalidades discursivas. Achegas para unha retórica da poesía do Prestige. 5.2.1. A crónica. 5.2.2. O texto incendiario. 5.2.3. A épica. 5.2.4. O mito. A *materia de Breaña*. 5.2.5. A parodia. 6. As estratexias de autolexitimación. 6.1. A relación con outras catástrofes da humanidade. 6.2. A reescritura de motivos e modelos canonizados da literatura. 7. A continuidade do ciclo. 8. Conclusións. 9. Referencias bibliográficas. 9.1. Bibliografía primaria. 9.2. Bibliografía secundaria.

¹ Este artigo realizouse no contexto do proxecto de investigación *O tropo animal* (PGC2018-093545-B-I00, MCIU/AEI/FEDER/UE).

² Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega.
Correo-e: mariaxesus.nogueira@usc.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0003-4866-5864>.

Como citar: Nogueira Pereira, María Xesús. (2022): “Negar o azul. A poesía do Prestige na literatura galega”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 181-201, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90531>.

*Non sei ata qué punto agora será lícito
poñer a voz no azul,
rememorar o lirio,
pero vou insistir unha vez máis no mar.*
Manuel Álvarez Torneiro

1. Introducción

O afundimento do petroleiro monocasco Prestige fronte á costa galega o 13 de novembro de 2002, e a conseguente catástrofe medioambiental producida polo vertido de fuel, deu lugar a unha cadea de mobilizacións sociais sen precedentes na historia recente de Galicia. Unha das particularidades destas accións foi a importante implicación que nelas tivo o mundo da cultura. Outra, o papel desempeñado pola poesía, tanto na súa dimensión oral como escrita.

A secuencia cronolóxica constata a inmediata reacción popular e a celeridade na autoorganización: o día 21 de novembro, co obxectivo de canalizar o activismo, constituíuse Nunca Máis; o 25 a Plataforma contra a Burla Negra, co propósito de iniciar un calendario de accións culturais que axiña habían crear “un espacio de encontro, radicalmente democrático y extrainstitucional, que actuó como un revulsivo con capacidad de modificar la dinámica cultural anterior” (Linheira 2018: 65).

O protagonismo da poesía nestas mobilizacións fíxose visíbel nas numerosas actividades celebradas ao longo da xeografía galega e na publicación de catro volumes compilatorios do que a, partir dese momento, é posíbel denominar *poesía do Prestige*. O ciclo tivo continuidade nos anos sucesivos até o punto de conformar o corpus que constitúe o obxecto de análise do presente traballo.

A poesía do Prestige, en especial aquela que foi escrita nos meses inmediatamente posteriores á catástrofe, é unha literatura de urxencia que nace cunha clara vontade de intervención e que obedece ao chamamento de colectivos e institucións diversas. Como se indicará nas páxinas que seguen, unha boa parte dos poetas activos naquela altura responderon a estas chamadas con composicións que en ocasións destinaron a máis dun volume colectivo. Neste senso, o corpus que conforma o obxecto de estudo enmárcase nunha tradición de poesía

civil herdeira, no caso galego, dun repertorio concreto. Alén diso, non hai que esquecer que a literatura aparecida a raíz da catástrofe do Prestige aborda un dos grandes temas da literatura galega de todos os tempos, como é o mar. Dentro das reescrituras contemporáneas deste *topos*, resultan de especial importancia para o encadre do corpus analizado no presente traballo aquelas que tematizan o mar en canto natureza ameazada, e que veñen achegando discursos literarios de interese para a ecocrítica e o ecofeminismo.

Ao longo do artigo presentarase unha análise da poesía do Prestige que atenderá tanto ao contexto no que xorde como á súa continuidade. É tamén obxectivo do estudo a caracterización desta poesía no referido á súa temática e recursos, así como a identificación de estratexias que lexítiman na sociedade e na tradición literaria galega composicións que teñen como obxectivo principal a intervención.

2. A delimitación do corpus

Como xa se adiantou, a poesía sobre a catástrofe do Prestige estivo presente nos numerosos recitais e actos cívicos que se celebraron nos meses seguintes ao accidente do petroleiro. A vocación de intervención e permanencia destas composicións quedou patente na iniciativa de publicar catro volumes colectivos ao longo de 2003. Foron estes *Sempremar. Cultura contra a burla negra*, editado pola Asociación Cultural Benito Soto; *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra*, promovido pola Federación de Libreiros de Galicia e as editoras Espiral Maior e Xerais; *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*, auspiciada por esta entidade; e *Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent*, iniciativa de Nunca Máis Catalunya.

Da análise dos tres volumes resulta pertiñente salientar algúns trazos comúns desde o punto de vista editorial:

I. Trátase, nos catro casos, de libros colectivos nos que non se fai visíbel ningunha figura responsábel nin da edición literaria nin da coordinación.

II. Están impulsados por asociacións (Asociación de Escritores en Lingua Galega, Federación de Libreiros) ou movementos sociais (Nunca Máis, Benito Soto).

III. Neles participan, conforme se adiantou, unha boa parte das voces poéticas que se atopaban activas no momento. Prodúcese ademais

unha convivencia entre escritores recoñecidos no xénero e outros cuxa presenza fora até daquela circunstancial ou escasamente difundida. Neste sentido resulta ilustrativa a explicación que se ofrece nos limiares de *Sempremar* e de *Si tots nosaltres som la mirada i el vent* onde, alén se de facer referencia á canonicidade das voces colaboradoras, alúdese ao carácter interartístico das publicacións:

Estamos os artistas anónimos e os máis recoñecidos, os Premios nacionais de Literatura e os inéditos, os músicos con múltiple discografía e os novos valores. Todos cabemos na Plataforma contra a Burla Negra. Porque o que aquí importa é sumar voces para facer da creación un espello poliédrico no que se reflicta a diversidade na creatividade e o compromiso dos creadores e creadoras co presente e o futuro deste país. (SM³, 5)

Poemas e debuxos que son a palabra e a imaxe do País de Nunca Máis onde cidadáns anónimos e persoeiros da cultura son un. (ST)

IV. Advírtese unha vontade explícita de intervir na sociedade que se reflicte nos propios títulos (*intervención poética, cultura contra a burla negra*) e que queda recollida tamén no paratexto limiar de *Negra Sombra*, onde se deixa ademais constancia do chamamento levado a cabo:

Os editores de Espiral Maior e Xerais non queremos nin podemos quedar á marxe [das mostras de preocupación das xentes do mundo da cultura]. Precisamente por isto, e buscando esa voz unánime, solicitámoslle aos e ás poetas deste país que escribisen un poema sobre a Negra Sombra que desolou Galicia. Esta é, daquela, unha intervención poética contra a marea negra, pensada e feita con esa vocación de intervención cultural que nos caracteriza aos editores deste libro. (NS, 5)

V. Algún dos paratextos que preceden os volumes colectivos anticipa os principais *topoi* cos que se construíu a retórica do Prestige, como son o mar, a mancha de fuel, a catástrofe ecolóxica, a mentira, a culpa e o clamor colectivo:

A marea negra non só está a provocar efectos tráxicos na nosa economía, no noso ambiente, na nosa sociedade. O Prestige trouxo consigo unha marea de *silencio cómplice*, de *mentiras* e

de *falsas* promesas enchoupadas en *fuel venenoso*. Para acabar con esta *pleamar de indiferencia e negligencias*, naceu a Plataforma contra a Burla Negra. Centos de creadores xuntaron o seu pulo artístico para facer da súa imaxinación un *berro* contra a catástrofe e os seus inmediatos *responsables*. Non permitimos que nos taparan a boca. Despregamos os beizos con forza das mareas e deixamos que o noso *clamor*, nacido dos cavorcos máis recónditos do corazón, enchese o *aire putrefacto polo cheiro do xofre* e das *calumnias*. (SM, 5; a cursivas son nosas)

VI. As páxinas que introducen estes volumes sitúan a poesía do Prestige, en termos de canonicidade e tamén de recepción, na mencionada tradición de escritura do mar. Así acontece no prólogo de *Sempremar* cando se explica como

a plataforma contra a Burla Negra fai seu o berro de desagravio de Bernardino Graña: “Un mar para andar perdido e ser camiño / como noite continua ou pesadelo, onde o corpo ten de ir espido, inxelo. / Principio e fin das cousas. Mar divino”. ¡Burla Negra, nunca máis! (SM, 6)

O paratexto anticipa tamén a presenza nestes volumes do nome de Bernardino Graña como poeta do mar, razón pola que o seu texto “Sempre mar”, do libro homónimo de 1966, aparece reproducido a xeito de limiar en *Alma de beiramar* e de epílogo en *Sempremar*.

A todos estes trazos cómpre engadir aínda a vontade de contribución das obras á construción dunha memoria colectiva que queda tamén reflectida no corpus paratextual:

No cabodano do afundimento do Prestige queremos que esta obra sirva como memoria e como homenaxe. Para non esquecer a aldraxe que sofremos e seguirmos a reivindicar o compromiso nos labores de recuperación da nosa costa. Para render tributo ós milleiros de voluntarios e voluntarias, galegos e de fóra de Galicia, que ofreceron os seus corpos como escudo para resistir o envite da marea negra. Para non esquecer e que isto non volva acontecer. Nunca máis. (SM, 8)

Desde o punto de vista cronolóxico, e tendo en conta que nos anos transcorridos desde a publicación dos catro volumes non volveu aparecer ningún poemario colectivo sobre o tema, é posíbel trazar unha periodoloxía que distinga:

³ Para facer referencia aos libros colectivos citados empregárase ao longo do traballo o seguinte sistema de abreviaturas: AB: *Alma de beiramar*; NS: *Negra Sombra*; SM: *Sempremar*; e ST: *Si tots nosaltres som la mirada i el vent*.

1. Unha poesía simultánea ao *Prestige*, escrita entre 2002 e 2003 e recollida nos volumes que se acaban de describir.
2. Unha poesía publicada con posterioridade en poemarios individuais, ningún deles dedicado de xeito monográfico ao tema. Estes textos conforman todo un ciclo que chega até o momento actual.

O obxecto de análise deste artigo céntrase fundamentalmente no primeiro período. Sobre a produción da segunda etapa, que constitúe a día de hoxe un corpus aberto, achéganse algunhas notas ilustrativas de certas tendencias na deriva do ciclo.

3. O marco de análise

A poesía do *Prestige* non foi polo de agora obxecto de análise máis alá de noticias illadas referidas a recitais ou a volumes colectivos, así como dalgún traballo académico (Rei Martiz 2018) e algúns achegamentos puntuais feitos desde a ecocrítica en relación con outros procesos de desposesión (Acuña e Nogueira 2022) e de degradación medioambiental (Nogueira 2023). Semellante silencio contrasta co recoñecemento da importancia deste conxunto de textos en canto corpus e tamén en canto fenómeno,

un [...] dos máis singulares do percorrido cultural do século XXI, pois é difícil que se volva repetir este estado de creación crítica e colectiva mantida durante tantos meses, no que o máis interesante non son os libros senón as innumerables accións e intervencións (intervir é transformar) que mantiveron a cultura galega nunha actitude infatigable que chegou a toda Galiza. (González Fernández 2004: 118)

Unha das perspectivas desde as que debe ser estudada a poesía do *Prestige* ten que ver co obxectivo inmediato de intervención que Helena González salienta nas palabras que se acaban de reproducir, extraídas dunha panorámica do ano 2003. Creo necesario poñer de manifesto a desatención da poesía de intervención nos estudos literarios galegos. A ignorancia ou a simplificación de manifestacións como as levadas a cabo no seu día por Rompente e, máis adiante, polo colectivo Ronseltz, nun intento de harmonizar renovación do discurso e compromiso político (González Fernández 1997) constitúen un bo exemplo do desinterese por estas poéticas.

A mención de Rompente non resulta inoportuna se temos en conta que a poesía do *Prestige* entronca cunha das praxes que entraran en polémica nos anos da transición e que foi denominada *escrita arredista* (*Ibid.*: 48). A diferenza da *escrita da normalidade*, a arredista “toma conciencia da realidade e tenta construír un discurso literario combativo e ideoloxizado vencellado á independencia de Galicia, política e culturalmente” (*Id.*). A transformación social como obxectivo e mais a “procura teimosa da comunicación poética e a adecuación do discurso literario ás características da sociedade galega” (*Id.*) reforzan o vínculo da produción poética do *Prestige* con esta liña.

Nun dos escasos estudos que prestan atención ao papel da poesía nos movementos sociais, Isaac Lourido considera as mobilizacións do *Prestige*, xunto coas revoltas estudantís compostelás, o Festival da Poesía no Condado e a rebelión das Encrobas, unha das *fendas* nunha reescritura posíbel da historia de Galicia (Lourido 2014: 39-48). Nesta liña, nas páxinas que dedica á cultura do chapapote, o investigador salienta a “incorporación de prácticas e procesos, tamén puramente políticos, adormecidos no imaginario resistente galego”, entre os que destaca “a renovação da confianza nas prácticas artísticas como potencialmente eficazes (junto com outras) na luta política” (*Ibid.*: 44).

En canto denuncia dunha paisaxe agredida pola acción do ser humano, o estudo da poesía *Prestige* atopa un marco acaído na ecocrítica, entendida como “the study of the relationship between literature and the physical environment” (Glottfelty 1996: xviii). A consideración da natureza como categoría de análise (Flys 2015), a atención prestada á degradación ambiental, o obxectivo de desmantelar as bases androcéntrica e antropocéntrica da civilización occidental (Diamond e Orenstein 1990), así como o distanciamento de visións idealizadas transmitidas pola literatura⁴ converten estas teorías en ferramentas especialmente útiles para o estudo da poesía do *Prestige*, e tamén doutras agresións ambientais sufridas pola paisaxe galega que tiveron o seu reflexo na literatura (Palacios 2008, Palacios e Nogueira 2014, Acuña e Nogueira 2022, Nogueira 2023).

Próximo á ecocrítica no seu interese polo medio ambiente, o ecofeminismo, termo que cuñara d’Eaubonne en 1974 e que desenvolveu

⁴ A conformación dunha paisaxe identitaria de signo positivo en Galicia remóntase ao Rexurdimento (López Sánchez 2008).

desde aquela numerosas vertentes, achega tamén luz ao estudo da literatura do Prestige ao explorar as relacións entre muller e natureza en canto vítimas da opresión. Entre os obxectos de estudo do ecofeminismo atópase o coñecemento de como lles afectan ás mulleres “environmental problems such as the effects of overpopulation, water degradation, air pollution, deforestation, the extinction of animal and vegetal species and militarization [...] according to their particular circumstances and contexts” (Estévez-Saa & Lorenzo-Modia 2018: 1).

Dentro do campo de estudo do ecofeminismo entra tamén a equiparación da opresión entre natureza e muller perceptíbel na tradición literaria occidental, que fora sistematizada nos estudos desenvolvidos nos primeiros anos da década dos 90:

Ecofeminists have described a number of connections between the oppressions of women and of nature that are significant to understanding why the environment is a feminist issue, and, conversely, why feminist issues can be addressed in terms of environmental concerns. For example, the way in which women and nature have been conceptualized historically in the Western intellectual tradition has resulted in devaluing whatever is associated with women, emotion, animals, nature, and the body, while simultaneously elevating in value those things associated with men, reason, humans, culture, and the mind. One task of ecofeminism has been to expose these dualisms and the ways in which feminizing nature and naturalizing of animalizing women has served as justification for the domination of women, animals, and the earth. (Gaard 1993: 4)

Outra dimensión do ecofeminismo ten que ver coas iniciativas encamiñadas a repensar a relación entre colectivos de mulleres oprimidas e a terra. Esta vertente tivo unha importante repercusión nos movementos emprendidos por mulleres campesiñas do Terceiro Mundo baseados na ecoloxía en canto categoría liberadora (Shiva 1995, Mies e Shiva 2015), así como no recoñecemento da centralidade das mulleres no coitado do medio e na transformación do modelo andocéntrico (Puleo 2011). No que respecta a Galicia, cómpre ter en conta a relevancia que as mulleres tiveron nas revoltas en defensa da natureza, recordadas por Isabel Vilalba:

Algunhas das máis recoñecidas son as mobilizacións das mulleres de Vilachá e proximidades en contra da central nuclear de Xove (1975), a loita en defensa da marisma de Baldaio (1966, 1977), unha marisma de gran riqueza marisqueira e valor ecolóxico por ser zona de descanso de

aves migratorias, moi danada pola extracción de áridos. A loita das mulleres das Encrobas (1975-1978) en defensa das súas terras e casas, que foran expropiadas para a extracción de carbón co obxecto de alimentar a central térmica de Meirama, constituíu unha das loitas colectivas máis emblemáticas para o pobo (...) o mesmo que a participación do colectivo feminino na loita contra a celulosa de Quiroga (1976) ou as accións das mulleres de Ponte Sampaio en defensa da Ría. (Vilalba 2012: 117)

Na construción da memoria destas revoltas, Vilalba denuncia como “a achega e verdadeira participación das mulleres foi sistematicamente silenciada” (*Id.*). No caso do Prestige, malia a que as mobilizacións non foron emprendidas especificamente por mulleres, é posíbel identificar nalgúns poemas alusións a colectivos femininos (as mariscadoras ou as mulleres que defenderon o mar) que contrastan co estereotipo dos mariñeiros afectados pola marea negra.

Finalmente, en canto literatura que aborda o tema dunha catástrofe ocasionada pola negligencia e a impunidade das grandes compañías petrolíferas no contexto do neoliberalismo, a poesía do Prestige pode tamén ser estudada desde a *petrocultura*, termo que cuñou Fredeick Buell (2012), e desde a *petroficción*, que rastrea a pegada da cultura do petróleo na literatura (Ghosh 1992). As agresións contra o medio ambiente derivadas de accidentes de petroleiros no contexto dunha economía de mercado global son encadrábeis tamén dentro do que Robert Nixon denominou *violencia lenta*,

a violence that occurs gradually and out of sight, a violence of delayed destruction that is dispersed across time and space, an attritional violence that is typically not viewed as violence at all. (Nixon 2012: 2)

Fronte á violencia entendida nun sentido tradicional, a violencia lenta, que resulta as máis das veces invisíbel, é exercida por forzas transnacionais capitalistas contra comunidades periféricas que non posúen outros mecanismos de defensa que a mobilización e a práctica dun *medioambientalismo dos pobres* (Nixon 2012).

4. A poesía do Prestige na literatura galega

A primeira liña que debemos delimitar á hora de situar a poesía do Prestige na tradición textual galega vén dada pola literatura sobre o mar. A extensísima tradición da poética mariña remóntase á lírica medieval. Nótese neste

sentido o carácter emblemático de cantigas como *Seiam'eu na ermida de San Simion*, de Meendinho, ou *Ondas do mar de Vigo*, de Martin Codax⁵. Ao longo da historia da literatura galega contemporánea son numerosas as voces que cultivaron con intensidade a temática mariña. Entre elas adoitan mencionarse Manuel Antonio, Bernardino Graña, Antón Avilés de Taramancos, Xohana Torres e os poetas do Batallón Literario da Costa da Morte⁶. A importancia da poesía do mar queda tamén patente nun estudo no que Francisco Fernández Rei demostrou como a través dela “se foron introducindo ou propagando no galego escritos termos relacionados co mar, populares ou cultos” (2003: 11). O léxico mariño ten unha presenza notoria na poesía do Prestige e é a miúdo portador de connotacións identitarias.

Con respecto á representación do mar na literatura, María López Sánchez explica as razóns da súa pervivencia ao tempo que salienta como, a diferenza dos espazos rurais, os mariños non foron cuestionados senón reafirmados no discurso literario:

Dos dous escenarios maioritarios da tradición literaria, o mariño e o rural, o mar mantense con abraiante vitalidade na poesía galega. A isto contribúe sen dúbida o feito de que o mar é unha das fontes metafóricas máis poderosas da literatura universal; mais tamén a extracción dos poetas do Batallón Literario da Costa da Morte e mesmo o diálogo ineludíbel que na poesía dos últimos anos se establece con Manuel Antonio e as vangardas e que o poñen a salvo da asociación coa identidade folclorizante. (López Sánchez 2011)

Na súa condición de escritura sobre a natureza movida por unha preocupación ecolóxica, a produción do Prestige enmárcase nunha tradición emerxente de ecopoésía (Nogueira 2022), de cuxa vitalidade dan fe a antoloxía *A Different Eden. Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente. Ecopoésía de Irlanda e de Galicia* (Payne, Shaughnessy e Veiga 2021), e a publicación *22 ecopoemas contra o cambio climático* (2023), aparecida no marco do festival de poesía *Alguén que respira*, que dedicou a súa sexta edición a este tema.

Outro límite que é preciso establecer á hora de encadrar a poesía do Prestige na tradición literaria galega deberá vir determinado pola poesía social, cuxo abandono foi utilizado pola historiografía da literatura recente para marcar as balizas da periodoloxía máis común. Así aconteceu coa asunción de 1973, ano da publicación da antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno Márquez, como data que determina o final da estética socialrealista. Deste dato non nos interesa tanto, para a cuestión que aquí nos ocupa, o argumento de que ningunha novidade fose apreciada no contido da mencionada escolma como a insistencia na superación de modelos caducos que marcaba o *cambio de rumbo* da poesía galega cara ao que máis tarde se denominaría *poesía dos oitenta* (Rodríguez Gómez 1986 e Rodríguez Fer 1989, *apud* Nogueira 2003). Significativo resulta tamén o feito de que o desinterese por asuntos sociais en favor dunha temática de raíz clásica fose reiteradamente sinalado como un dos trazos definitorios da poesía dos oitenta.

Logo desta marxinalidade no discurso maioritario, a poesía de natureza social volveu estar presente, da man dos autores que comezaron a publicar na década dos noventa (Nogueira 2003, Dacosta 2005), con actitudes que en ocasións reaccionaban manifestamente contra os *excesos* do período anterior, e tivo un peso importante na obra das voces que iniciaron a súa traxectoria no novo milenio. Nuns e noutros casos, as poéticas afastáronse dos modelos socialrealistas por camiños que se dirixen cara á poesía política, a filosófica ou a paródica. É importante notar tamén como estes discursos sociais comezan a se interesar por espazos relacionados con conflitos bélicos ou agresións ao medio tanto a nivel internacional (Auschwitz, Abu Grahíb, Gaza) como galegos (San Simón, a mina das Pontes, os parques eólicos). Resalto esta deriva por parecerme confluyente coa poesía do Prestige, como tentei demostrar noutro lugar (Nogueira 2022).

Volvendo ao ámbito da poesía social, onde como se dixo é preciso enmarcar o corpus obxecto de estudo, resulta tamén oportuno reproducir as palabras coas que Montse Pena

⁵ En 1998 a Real Academia Galega dedicou o Día das Letras aos trobadores da Ría de Vigo Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax.

⁶ A antoloxía *De Pondal ao Batallón (120 anos de poesía na Costa da Morte)* (2006), coordinada por Miro Villar e Modesto Fraga, é un exemplo da vigorosidade do tema.

Presas explica como as mobilizacións xurdidas a raíz da catástrofe do Prestige conseguiron reactivar a esta poesía en Galicia:

Como consecuencia da actividade colectiva que viviu o mundo da cultura durante os meses posteriores a novembro de 2002, produciuse a consolidación de grupos, produtores e produtoras que doutra maneira non se terían asentado como tales coa intención de intervir socialmente nos sistemas. O *Prestige* actúa na poesía galega como unha baliza que marca o nacemento dunha nova conciencia social, promovendo opcións temático-repertoriais que apostan polo cívico e polo comprometido. A poética social volve contar en Galiza cun novo pulo. (Pena Presas 2011)

Aínda concordando coa opinión de Pena, creo que é de xustiza ter en conta o camiño aberto polas poéticas dos noventa. Remítome a propósito disto ás valoracións feitas por dúas autoras cuxos inicios están vinculados a esa década e que noutro momento empreguei para me preguntar sobre a posibilidade de situar en 2002 unha baliza da discutida periodización da poesía dos últimos decenios. Unha delas é a que fai Marta Dacosta como encabezamento a un texto sobre a súa propia promoción: “...entre dúas catástrofes, a do Casón e a do Prestige: nace e medra toda unha xeración literaria...” (Dacosta 2005: 121). A outra está tomada dun comentario no que Yolanda Castaño desvincula a ética dos movementos nos que a súa xeración se implicou (nomeadamente a guerra de Iraq e o Prestige) das escollas estéticas. Resulta ao meu entender significativo que a autora mencione a ecoloxía dentro do catálogo de motivos sociais incorporados ao imaxinario do seu tempo:

Unidos na ética as súas actuacións pero tamén mesmo na dos seus contidos temáticos: aos contidos eternos da poesía (amor, tempo, sensualismo, temáticas existenciais...), xa desenvolvidos pola xeración anterior, incorpórase agora esa pequena recuperación do social –loxicamente máis en consonancia co momento: insubmisión, ecoloxismo, apoio a causas políticas afíns. Unidos na ética dos movementos contra a guerra e Nunca Máis, pero independentes e solitarios no íntimo proceso creativo, cunha ambiciosa aposta persoal, arriscando. (Castaño 2005: 11)

A mudanza cara a novas fórmulas nos discursos sociais impulsada por escritoras e escritores novos foi na miña opinión fundamental para o xurdimento dunha poesía do Prestige que, grazas a eles, puido ser recibida nun contexto máis favorábel que o de décadas anteriores.

Finalmente, na delimitación do marco de análise desta poesía debe trazarse unha nova liña que demarque a aparición de libros de autoría colectiva. O fenómeno, que se remonta á década dos setenta, tivo tres vertentes claras. Unha delas é a da publicación de volumes que comparten ou ben unha coherencia estética, como é o caso de *Silabario de turbina* (1977) e *A dama que fala* (1983), do Grupo Rompen-te, ou *Unicornio de cenorias que cabalgas aos sábados* (1994), do Colectivo Ronseltz. Outra é a da elaboración de libros colectivos que, con independencia de que poidan estar asinados por un grupo, non comparten presupostos estéticos, como acontece con *Alén* (1977) e *Cravo Fondo* (1977), dos colectivos do mesmo nome, ou *De amor e desamor I e II* (1984 e 1985). Unha terceira vertente é a daqueles libros que foron concibidos co obxectivo de apoiar unha causa común. É o caso de *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina* (2003), *Xuro que nunca volverei pasar fame. Poesía escarlata* (2003), *Versus cianuro. Poemas contra a mina de ouro de Corcoesto* (2013) ou *Versos no Olimpo. O monte Pindo na poesía galega* (2013). É na órbita destas publicacións onde temos que situar a poesía coetánea ás mobilizacións do Prestige.

Con respecto á dimensión colectiva da poesía do Prestige, Montse Pena salientou a súa influencia nas dinámicas e a visibilidade de grupos como as Redes Escarlata, tamén confluentes na manifestación dun estado de malestar:

Aínda que a conformación das Redes [Escarlata] ocorreu un ano antes do afundimento do Prestige, os actos organizados logo do desastre ecolóxico catalizaron e deron unha maior difusión ao colectivo. Bos exemplos diso son o manifesto de creación colectiva “Máis de mil razóns para non votar ao PPrestige/PPtroleiro e para botalos” ou o kit-poético de denuncia dirixido a Manuel Fraga. (Pena Presas 2011)

5. Análise

5.1. O mar como eixe temático

Ben sexa como imaxinario asociado á infancia e á memoria, ben como imaxinario negativo vinculado á degradación e a perda, o mar constitúe o eixe temático principal da poesía do Prestige. Os pólos da idealización e do realismo crítico delimitan polo tanto o corpus estudado.

Na primeira das orientacións o mar aparece identificado co suxeito até o punto de se

producir unha contigüidade física. Tal acontece nos versos que Manuel María achega a *Alma de beiramar*, “Eu de min só sei dicir / que o mar comeza no meu sangue” (AB, 39). Ao contrario do que ocorre coa maior parte das composicións dos tres libros colectivos mencionados, a do poeta chairego non é un texto creado *ex profeso* senón un fragmento de “Verbas ao mar”, do poemario *Mar Maior* (1963), escrito, conforme deixa constancia nunha anotación, “antes da monstruosidade do «Prestige» e das precedentes” (*Id.*). Á idea de contigüidade fai referencia tamén Eva Veiga nunha descrición paisaxística de natureza animista:

Á fin da terra chega o mar, ou o revés, que é como falar do corpo e a alma... Chega o mar a bater no mesmo sangue, aínda que esteas terra a dentro porque as súas azas procuran os cantís dos montes para logo volver en devalo sobre o lombo dun lobo. (AB, 43)

En canto escenario da infancia, o mar aparece vinculado a un dos símbolos máis reelaborados na poesía tanto dos oitenta como dos noventa, como é a casa. Así se aprecia nos versos de Emma Couceiro, nos que a voz poética rememora escenarios queridos:

Mira,
á volta está a *Praia Grande*, e detrás está a
[boca da ría,
hai unha ponte, e despois, despois unha
[baixada. Nesa pendente empeza
o que eu chamo a miña casa. (AB, 39)

Outro trazo común da representación do mar na literatura do Prestige é o recurso á tradición poética. Na composición “Campo de albas en nesgado espello”, Manuel Álvarez Torneiro convoca unha serie de escritores e pintores maioritariamente galegos que cultivaron a temática mariña:

Roda, cáliz, campá, fenda, sonoro
mar dunha apoteose Bernardino,
Lugrís e Turner e Manuel Antonio
e Antón Avilés de Taramancos... (NS, 29)

Pola súa banda, Marica Campo establece un diálogo coa tradición en “A camelia do mar tiña os pétalos brancos” (NS), ao dirixir a súa composición a Bernardino Graña e Xohana Torres. Como se indicou máis arriba, estes dous nomes, xunto co de Avilés de Taramancos, son mencionados con frecuencia no corpus. Ao último deles dedica María do Carme Kruckenberg as composicións “Homenaxe a

Antón Avilés de Taramancos” (NS) e “Avilés de Taramancos pechou nunha botella o Mar de Noia” (SM, 128). Co poeta noiés dialoga tamén Camilo Valdehorras en “De Vadehorras a Taramancos (acróstico)”. En “Mar de Alma preta (Manifesto)”, Teresa Seara convoca a Avilés, Martín Codax, Manuel Antonio, Cunqueiro, Bernardino Graña e Xohana Torres porque

contra o mar de alma preta que agora padecemos,
únxenos a palabra azul dos poetas e o
[¡nunca máis!
perpetuamente inscrito na boca, no corazón
[da memoria. (AB, 102)

A vinculación da poesía do Prestige coas grandes voces que escribiron sobre o mar na tradición literaria galega ten unha función lexitimadora á que máis adiante volverei.

As representacións positivas do mar relacionadas coa memoria, coa identidade e con imaxinarios persoais son no entanto minoritarias a respecto daquelas que describen un mar agredido pola marea negra do Prestige. Estas composicións escollen en ocasións unha linguaxe realista que reitera o negro como cromatismo dominante, conforme reflicten os títulos “Pedra Negra”, de Emma Couceiro (NS); “Crónica Negra”, de Salvador García-Bodaño (NS); “Galiza negra”, de Henrique Rabunhal (NS); “Poema neghro”, de Xosé Vázquez Pintor (NS); ou “Trazos de negro cuspe”, de Alexandre Nerium (SM). Outras veces os poemas botan man dunha linguaxe figurada, asociada a miúdo ao corpo ferido ou petroleado: “A mar ferida” (Isidro Novo); “A ferida que non poderá taponalo batiscafo” (Xavier Lama, AB), “o corazón petroleado” (Lois Diéguez AB, 56 e NS, 62). Nesta liña sitúanse imaxes como as “borras noxentas de petróleo” (Manuel Forcadela, AB, 67), as “lagañas frías [que]” destila o mar” (Lois Diéguez, NS, 66), as “vagas de chicle nas ourelas” (Adolfo Caamaño, AB, 19) ou o “vómito do inferno” (X. M. Álvarez Caccamo, AB, 137), “o vómito negro” (Emilio X. Ínsua, AB, 37) e “Vómitos de Prestige” (Xesús Rábade, NS).

A denuncia deses espazos devastados pola marea negra bota man en moitas composicións de enumeracións toponímicas. Así acontece no “Autocollage para un mar de piche”, onde Fran Alonso evoca

as voces que o vento mareiro trae, coma un
[asubío pastoso,
do Pindo e do Areal de Trece, de Roncudo e de
[Camelle,

de Muxía e da Punta Cabalo, da Boca do Río e
 [do Cabo Prior,
 das Cantareiras de Mougás, de Ons e
 [de Lariño,
 da Punta Nariga e do Cabo Vilán, da lus
 [da Robaleira
 e do faro de Silleiro, que ouvea, iluminando
 [o ceo negro. (NS, 14)

A toponimia aparece a miúdo vinculada ao sentimento de perda, como se aprecia no poema de Gómez Alfaro no que enumera tamén nomes de localidades da Costa da Morte afectadas pola marea negra:

Antes había luz, música e vida
 en Carnota, Fisterra e Camariñas,
 en Muros, Corcubión, Mougás, Muxía...
 (NS, 93).

De maneira semellante, Marilar Aleixandre leva tamén a cabo, na composición “Os nomes a voces”, un encadeamento de topónimos para a continuación concluír que

se cala a miña voz ou se enmudezo
 se tapián as fontes do grito cun entullo de
 [imposturas
 seguirán falando os nomes
 a voces (AB, 79)

Sobre a voz da toponimia relacionada coa idea de resistencia volveu a autora no seu discurso de entrada na Real Academia Galega titulado precisamente “Voces termando da paisaxe galega”. Nel fai súas as palabras de Anxo Angueira a respecto do emprego dos topónimos como “estratexia de apropiación e resistencia” (*apud* Aleixandre 2017: 31). A utilización de nomes de lugar con esta intencionalidade explica a súa alta frecuencia no corpus da poesía do Prestige⁷.

A creación de imaxes negativas do mar bota man tamén con frecuencia de determinadas especies da fauna –cormoráns, píllaras– como vítimas da agresión ecolóxica. Un lugar á parte merece a balea, utilizada como metonimia da destrución do medio en textos como “A balea morta”, de Xohán Abeleira, que alude a un cetáceo “fedendo descomposto tumefacto” no mar “desde hai toda unha historia” como remorso e condena (NS, 19), ou “Campo de albas en nesgado espello”, de Manuel Álvarez

Torneiro, onde o animal, metáfora do barco, é empregado cun valor tamén claramente negativo:

Un cetáceo sen límites de abismo
 desova terminal caos insomne,
 dictamina exterminio, cega o lóstrego,
 deixa en terra un fermento de imposibles. (NS, 29)

A presenza do tropo da balea na poesía galega a partir finais dos oitenta foi estudada desde a ecocrítica e o posthumanismo por Manuela Palacios (2017). No seu estudo detense na contigüidade ser humano-animal que percibe nalgunhas representacións do cetáceo cuxo ventre se converte en espazo acolledor para o suxeito feminino. Unha das voces estudadas por Palacios no seu ensaio, Ana Romaní, reitera o tropo na poesía dedicada á causa do Prestige para se referir de xeito metonímico á devastación do mar –“os corpos despezados das mamíferas”– e á inmovilidade das actuacións e os discursos oficiais nos primeiros días da catástrofe. Así se aprecia nunha das microcomposicións de “Do diario”, unha serie emitida a xeito de cabeceira no programa Diario Cultural da Radio Galega:

5 decembro 2002
 Como corpos que se esgotan na súa propia
 [singradura na súa
 imposibilidade, varados no mar escuro os
 [cetáceos e as palabras. (NS, 22)

Outra das metonimias da catástrofe do Prestige foi, xa desde os primeiros textos, a figura de Man de Camelle. O artista Manfred Gnädinger (Radolfzell 1936 - Camelle 2002), instalado desde comezos dos anos sesenta do pasado século na vila da Costa da Morte nunha casa-museo natural que quedou arruinada pola marea negra do Prestige, foi obxecto de numerosas composicións cuxos títulos reflicten a súa condición de eremita, a relación co medio e a morte acontecida meses despois da destrución do museo⁸. Alén de destinatario de dedicatorias de composicións sobre o tema do Prestige, como “Poema neghro (*Mancamelle-mar in memoriam*)”, de Xosé Vázquez Pintor (NS), o alemán de Camelle é protagonista de varios textos que, a xeito de homenaxe, trazan semblanzas biográficas onde se resalta o seu

⁷ Noutro lugar (Nogueira 2022) reflexionei sobre a vinculación entre toponimia e ecopoésia.

⁸ Man de Camelle fora obxecto xa de achegas desde a literatura e as artes visuais levadas a cabo por Xerardo Quintiá (*O viaxeiro radical*, 2015), Xoán Abeleira (*A pegada de man*, 2016) e Carmen Hermo (*Man de Camelle*, 2018).

particular vínculo co medio natural. Neste senso, e botando man dun xogo verbal que converte o personaxe en icona da destrución pola marea de fuel, “Nunca Man” de Claudio Rodríguez Fer salienta a singular peripecia vital do artista que sintetiza como “a total fusión do corpo coa codia terrestre” (NS, 175). En senllas composicións, Luísa Villalta e Xela Arias inciden no contraste entre o *mundo civilizado* e o *mundo natural* que Man representa, como queda patente no título do poema “Indíxena na civilización”, no que Villalta denuncia como

(...) o corpo e o veneno derramado
polo vaso roto da ambición civilizada
fixeron causa común
para vestirlle de negro a alma. (NS, 62)

Na mesma liña, Xela Arias honra no poema “Cadáver de Man” o home “caído na batalla sutil contra a orde do mundo” (SM, 191).

A catástrofe ecolóxica represéntase nalgunhas ocasións a través dunha identificación do corpo co mar en canto entidades agredidas. Así acontece no poema “Sombra tóxica”, no que Emma Pedreira explica como “o noso corazón, de tan negro, xa non bate” (NS, 14). O verso remite a unha das estratexias identificadas por Legler para formular novas maneiras de reimaxinar as relacións entre o mundo natural, como é a de “re-mything nature as a speaking bodied subject” (Legler 1997: 203). Outra identificación do mar co corpo atopámola nos seguintes versos de María Xosé Queizán, que incorporan ademais á épica do mar o personaxe colectivo feminino das mariscadoras, equiparado aquí ao dos mariñeiros, como metonimia da resistencia:

¡Cómo nos doe a ferida do mar!
Se nos queiman o mar, adoeecemos
co mesmo ardor dos mariñeiros
e a furia das mariscadoras! (NS, 157)

Algunhas composicións sinalan a heroicidade doutros colectivos femininos na loita contra a marea. É o caso das “Redeiras da noite” que “cosen a memoria rota do mar”, do poema de Xoán Neira (AB, 118), “as que / onte agardaban no / peirao [e] espertaron aos / mariñeiros que durmían”, do texto “Elas” de Xosé Henrique Rivadulla Corcón (NS, 169), ou as que “tecen redes de esperanza / contra o vento e as mareas”, do poema de Baldo Ramos (SM, 36).

A equiparación de natureza e muller en canto vítimas do capitalismo e o patriarcado salientada polos ecofeminismos queda patente no poema “O mar é unha muller triste”, de Lupe Gómez:

Eu bailei no mar. Xa non bailo.
Xa non teño forza no corpo.
O mar é unha muller triste agora, e temos que
loitar temos que elevar o canto.
Os policías míranme e queren determe e pegarme
pero eu non lles deixo. (NS 91)

Fronte á tristeza dunha muller-mar privada de alegría e de liberdade (“xa non bailo”), aparece representada unha vontade colectiva de rebelión (“loitar”, “elevar o canto”) e de resistencia ante a represión (“os policías [...] queren determe e pegarme pero eu non lles deixo”). A violencia representada ao longo de todo o poema cobra intensidade contra o final mediante a reiteración da imaxe da violación, verdadeira metonimia da agresión á natureza e á muller:

Hai un barco aberto en min
cando abro as pernas.
Cada día no mesmo sitio e á mesma hora
algúns homes violan a algunhas nenas,
e as nenas choran, como chora
o mar galego, violado. (NS, 91)

5.2. Modalidades discursivas. Achegas para unha retórica da poesía do Prestige

No corpus constituído pola poesía do Prestige, en especial naquela publicada inmediatamente despois da catástrofe, é posíbel identificar modalidades discursivas que se reiteran e que en ocasións se combinan dentro dunha mesma composición. Son estas a crónica, o texto incendiario, a épica, o mito e a parodia. A súa análise permítenos enumerar unha serie de trazos para unha posíbel retórica da poesía do Prestige.

5.2.1. A crónica

Nunha boa parte dos poemas dedicados ao tema do Prestige faise explícita a vontade de narrar con detalle os feitos acontecidos. Tal empeño queda patente nos títulos de composicións como “Crónica”, de Gonzalo Navaza (NS) ou “Cronica negra”, de Salvador García-Bodaño (NS). Algúns rótulos deixan constancia do carácter diverxente a respecto das versións oficiais. Así ocorre en “Nunca máis (Crónica alternativa)”, de Emilio Xosé Ínsua (NS), onde se achegan datos sobre a manifestación

histórica do 1 de decembro⁹, ou en “Crónica certa do de\$prest&(l)ixo do prest&&(l)ixo” (NS), onde Manuel María bota man de xogos verbais (*Prestige – desprestixio – lixo*), así como do símbolo do dólar, cunha dobre intencionalidade de denuncia e parodia.

Outras veces as composicións levan a cabo unha exposición dos acontecementos cunha linguaxe tendente ao realismo que explota no entanto a simboloxía cromática. A “Crónica negra” de Salvador-García Bodaño contextualiza o relato na petroliteratura, sinalando as mafias¹⁰ e os gobernos cómplices como responsábeis da catástrofe:

As mafias petroleiras inféstannos o mundo
e os gobernos máis cómplices as deixan
entre evasivas e vagas normativas
seica representando a pobos mudos.

Do ventre da chatarra dun vello monstro agónico,
miles de toneladas do fuel máis pestilente
chégannos, como obsequio do capital salvaxe,
en marea incesante e balbordo doloroso. (NS, 88)

O poema denuncia a impunidade normativa que permite a circulación de barcos-monstro e conclúe coa “maldición eterna para os que son culpábeis” (*Id.*). Neste senso conecta con moitas composicións que arremeten contra os responsábeis do accidente, os “ineptos” que afundiron o barco (Manuel Forcadela, AB, 59), “os homes necios [que] enloitaron o mar” (Olga Patiño Nogueira, AB, 84), “un goberno ausente que caza na serra osiños e gamos” (Luis Rei Núñez, AB, 59), “políticos sen rumbo” (Manuel Forcadela, AB 67) ou, en termos máis globais, “a ira dos humanos” que “trousou nesta ribeira a súa cobiza” (Pilar Pallarés, NS, 153).

5.2.2. O texto incendiario

Os textos aparecidos nos volumes colectivos dedicados ao *Prestige* botan man con frecuencia dun rexistro incendiario, construído con consignas e proclamas. Trátase dun discurso

encamiñado non tanto a visibilizar as dimensións da catástrofe como a mostrar un sentimento de indignación colectiva que ben sintetizan os versos de Salvador García-Bodaño pertencentes ao poema “Crónica negra”, antes citado:

O chapapote abriunos unha ardente ferida
no recanto máis ledo dos nosos corazóns
e sentimos a rabia, a nos brillar nos ollos,
véndonos sós na patria fronte a tanta mentira”.
(NS, 88)

Nunha liña próxima sitúase a composición na que Manuel María avoga por unha restauración da harmonía e da beleza do mundo, de cuxa perda culpa a un

[...] capitalismo porco, vil,
globalizado, arrepiante, demoníaco,
enxendrador de odio, dor, guerras, ciumes,
indignidade, fame, pobreza, inxustiza,
desigualdade, enfermidade e miserias. (NS, 116)

A poesía do *Prestige* incorporou ás súas composicións os lemas coreados nas mobilizacións convocadas pola plataforma. Numerosos son os textos que reproducen con variantes o sintagma “Nunca Máis”: “Nunca máis” (Baldo Ramos, SM), “Nunca máis” (X. C. Gómez Alfaro, NS), “Burla negra. Nunca Máis” (Xela Arias, AB) ou “baixo a bandeira altiva do nunca máis” (Lois Diéguez, AB, 57). Estas consignas, que confiren unidade ao corpus, vense intensificadas por recursos gráficos ás veces reiterados e por xogos verbais: “Pero un berro abraiante ecoa nos penedos: ¡NUNCA MÁIS!, ¡¡¡MÁIS NUNCA!!!” (X. M. Caeiro Antelo, NS, 44) ou “Sempre e(n) nunca máis” (Ramón Caride Ogando, NS 47).

Algunhas composicións fan un chamamento explícito á loita, a “remontar a maré, tomar as rúas” (Marilar Aleixandre, NS, 12), dirixido a unha colectividade ampla e heteroxénea integrada por “mariñeiros, xentes do común, persoas solidarias” (Manuel María, NS, 116). Nalgun caso, a chamada imprégna de referencias

⁹ “Digo que tamén estiven, como tantos, en Compostela, un chuvento primeiro de decembro do dous mil dous” (NS, 99). O poema é unha resposta ao falseamento dos datos de asistencia á manifestación por parte das fontes do goberno. A manipulación informativa é denunciada tamén por Isidro Novo en “Información light (baixa en alcatrán)” (AB).

¹⁰ Cf. “Os piratas modernos, / os traficantes do ouro negro / e os seus infames aliados / asfaltaron os areais e os cantís / as illas e os horizontes” (Xoán Neira, AB, 117; NM, 133). “Deuses do capital, viles laceiros, / xurade que xamais arrasaredes / estas praias e cons, estes abeiros, / ós que o *Prestige* segou as ás e as redes” (X. C. Gómez Alfaro, NS, 93). “O capital é un amo sen fronteiras / que ven de terra adentro, que vén pola mar alta, / que chanta a ruda pouta de chapapote mouro / no país dos inermes” (Xesús Rábade Paredes, NS, 168).

curiosa simbiose coa figura do monarca Dom Sebastião, desaparecido na batalla de Alcazarquivir e que encarna o mito da redención e da gloria futura para a nación portuguesa. No xa citado “Épica de piche”, o autor integra os dous personaxes nunha utopía atlantista de rebelión liberadora:

Cumpríronse daquela as vellas profecías,
Agoiros que xurdían dun soño de naufraxios
E foi chegando, entón, do fondo da marea,
o exército de Artur, a frota derrubada
do Rei Dom Sebastião.
E o pobo soubo estar atento a ese celeste
Sinal e concentrado na loita que esixía
A Épica da Terra...
(Forcadela, AB, 67-68; NS, 121-122)

5.2.5. A parodia

En canto estratexia de resistencia, a parodia e a ridiculización tiveron unha importante presenza nas mobilizacións sociais do Prestige. A deformación paródica afecta unhas veces ao topónimo Galicia, que se ve transformado en “Cigalia, país do chapapote”, por Alfonso Álvarez Cáccamo (NS), quen recorre á deformación –“terra esperpéntica [...] / onde se mestura a muiñeira máxica / co Estado Crítico / e o sopro gaiteiro de furor eólico / coas bágoas dun facha melancólico” (NS, 26)– para facer unha dura crítica aos políticos no goberno por non asumiren responsabilidades:

Rajoi nos anuncia que vai ser lacónico:
“Fraga non ten culpa, el é cinxético,
tampouco os aznares do centro político [...]”
(NS, 27)

A parodia esténdese tamén aos discursos emitidos desde o poder sobre tanto sobre a situación como sobre o propio movemento Nunca Máis:

¿E os de Nunca Máis? ese é xogo típico
desde da cultura, artistas... o tropel fanático
de estudantes tolos, sen sentido crítico.
(NS, 27)

A base léxica que conforma o nome do petroliero é tamén obxecto de numerosos xogos verbais, como o xa mencionado “de\$prest&(l)ixo” do poema de Manuel María (*vid. supra*) ou as “Coplas do desprestixio”, de Carlos Negro (NS, 129-131).

Outras veces a base da parodia é a linguaxe xornalística. Tal acontece no poema “Conexión

especial con Galicia” no que María Reimóndez denuncia o tratamento mediático da catástrofe do Prestige convertida en espectáculo:

Pasen e vexan
a nosa desgracia
por cable ou satélite.

[...]
Déanno-lo pésame por correo electrónico.
Envíen un sms coa palabra chapapote
e mandámoslles unha mostra gratuíta
da nova festa gastronómica
promovida por Fraga. (NS, 167)

Singular é a fórmula escollida para a parodia por Gonzalo Navaza en “Receita do pote galego (also know as “Sonettino con saia de muiñeira)”, composición que, incidindo na folclorización da cultura galega e a súa identificación con festas gastronómicas, fai referencia tamén á incompetencia dos responsábeis (un delegado, un conselleiro), ao “show mediático”, ao clamor popular e á mentira:

Apáñese un mercante petroliero
dos que pasan por cerca da Marola,
argállese un pifostio que nin diola,
que faga alucinar o mundo enteiro,

bótese un delegado pintoreiro,
acálense xornais e caixa tola,
procúrese esquecer dar pé con bóla,
entréguese aos leóns un conselleiro.

Engádense uns bistés de boi de palla,
salfrase soberbia incompetente,
en vez de dar razóns, sáquese a tralla.

Móntese un show mediático imponente,
ignórese o clamor, míntase a esgalla,
desprécese o país e a súa xente.

Cózase todo
no mesmo pote:
lacón con grolos
de chapapote. (SM, 87)

A composición establece tamén un diálogo intertextual cun dos textos pioneiros da poesía social galega no que Xoán Manuel Pintos denuncia a situación de asoballamento que está a vivir Galicia mediante a imaxe dun *boi de palla* aguillado:

Ouh, Galicia, boi de palla,
canta lástima ten de ti o Gaiteiro.
O aguillón que che meten é de aceiro
e con el muita forza te asoballa.
(Pintos [1853] 2003)

A ancoraxe na tradición literaria galega, comentada máis arriba a propósito da evocación dos *poetas do mar*, parécese especialmente importante en canto estratexia lexitimadora (*vid. infra*). Un exercicio de intertextualidade é tamén levado a cabo no título “Sonetos comunicados polo espírito do finado Aristides Silveira ó seu amigo e amanuense Darío Xohán Cabana” (NS). A atribución dos textos ao heterónimo co que Celso Emilio Ferreiro asinara o libro *Cantigas de escarnio e maldicer* (1968) enmarca a composición na tradición da poesía social e paródica.

Resulta tamén interesante reparar na presenza de linguaxe metaliteraria, en concreto de termos que designan tipos de composicións –coplas, sonetos–, para rotular textos de natureza paródica. Deste código bota man tamén con ironía Xabier Cordal na súa achega ao volume *Negra sombra*, ao reproducir unha conversa co “falante lírico” que contextualiza do seguinte xeito:

(Envían un correo desde Xerais
ante a gravidade dos feitos, trinta versos,
intervención poética contra a marea negra)
(NS, 55)

Cordal reproduce a longa dedicatoria que precede o poema escrito para a ocasión e na que, alén de aludir nun xogo intertextual ao emblemático “Deitado fronte ao mar” de Celso Emilio Ferreiro, enumera, con nomes e apelidos, os responsábeis da catástrofe ao tempo que alude a outros accidentes de petroleiros fronte á costa galegas:

ARSENIO FERNÁNDEZ DE MESA, MANUEL FRAGA,
JOSÉ MARÍA AZNAR, MARIANO RAJOY,
PSOE-EXEO, PSOE-CASÓN, POETAS DO
[LÁUDANO,
POETAS DO PACTO, ESCRITORES ORGÁNICO DE
[PÉREZ VARELA,
GRAVAMOS O VOSO FINAL EN VÍDEO DOMÉSTICO,
MIRADE, TEN A SÚA COÑA: A POLICÍA FORMA EN PÉ
FRONTE AO MAR, NA LIÑA DO AREAL, PISA ARGAZO
[E OLLOS
DE ARAOS, APARTA COAS BOTAS NEGRAS O CORPO
[MORTO
DA MULLER QUE DEIXARA NUN VERSO CELSO
[EMILIO FERREIRO,
CERRA OS SEUS CASCOS E AGARDA A ORDE DE
[CARGAR
CONTRA O RUMOR, CONTRA A PALABRA E AS
[ONDAS
A ERGUERSE, A CAER, AS ONDAS, MUDAS, TEIMUDAS

.....
.....
..... (NS, 55-56)

6. As estratexias de autolexitimación

Ao longo deste estudo fóronse sinalando algunhas accións que teñen como función avalar a entidade da poesía do Prestige. Trazos como os referidos diálogos intertextuais confiren ao corpus unha lexitimidade susceptíbel de ser cuestionada por dúas razóns de índole diferente:

- I. A mencionada condición de textos *de circunstancias* da poesía do Prestige, tendo en conta tanto o papel secundario que esta produción recibiu na historiografía literaria como a súa asociación con estéticas socialrealistas trasnoitadas.
- II. O carácter de discurso de contestación ao relato oficial dos acontecementos.

As estratexias de autolexitimación desenvolvidas polos autores da poesía do Prestige obedecen a dúas tendencias de signo contrario. A primeira, de natureza esóxena, consiste en pór en relación o accidente do Prestige con outras catástrofes da humanidade. A segunda, de índole endóxena, insire a produción dentro da tradición galega mediante a evocación de motivos e modelos.

6.1. A relación con outras catástrofes da humanidade

A vontade de relacionar o impacto ambiental do accidente do petroleiro na costa galega con situacións semellantes vividas tanto en Galicia como, sobre todo, noutros lugares do planeta sitúa o tema do Prestige nun contexto global. A lembranza doutras catástrofes ecolóxicas, presente no poema antes citado, aparece tamén nos versos nos que Elvira Riveiro enumera anteriores accidentes no mar:

Digo grea de defuntos,
en terríbel reata:
Erkowitz, Policomander, Urquiola, Casón, Mar
[Exeo
mar de vaga. (SM, 66)

Nun poemario publicado máis dunha década despois, Xavier Seoane volve traer á memoria accidentes mariños anteriores na composición “Aliaxe de sombras”:

No corpus do Prestige é posíbel identificar tamén un dos intertextos máis citados en discursos –poéticos ou doutra índole– de carácter reivindicativo. Trátase do verso “Un paso adiante i outro atrás, Galiza”, do citado poema “Penélope”, de Xosé María Díaz Castro, reescrito por María Xosé Queizán en “Como nos doe a ferida do mar” nos seguintes termos:

Porque nos doe a ferida do mar
escorrentamos coas mans e coas palabras
o ultraxante destino de Penélope.
¡Todos os pasos adiante, Galiza! (NS, 158)

Neste exercicio de lexitimación mediante o emprego de modelos canonizados debemos situar aínda a composición na que Yolanda Castaño reescribe a segunda estrofa do poema “Do Courel a Compostela”, de Uxío Novoneyra, recorrendo á “costa dos meus antigos” como metonimia de Galicia e substituindo os puntos cardinais da biografía novoneyriana pola Guarda e Ribadeo como extremos do litoral galego:

Nos labios dos nosos unha canción dirá
“costa dos meus antigos, será a miña xeración
quen te salve?
irei un día de A Guarda a Ribadeo por terras
liberadas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútil.
(AB, 188)²⁰

7. A continuidade do ciclo

Nos anos que seguiron á publicación dos catro volumes de poesía do Prestige continuaron aparecendo composicións incluídas en poemarios que, na súa maioría, non tiñan nin o mar nin a natureza como eixe vertebrador. Así acontece con composicións como “Exequias pola costa desvalida”, de Elvira Riveiro (*Andar ao leu*, 2006), “No aire aínda pesa a auga negra”, de Mariña Pérez Rei (*Fanerógama*, 2006), ou “Prestige”, d’O Leo (*Hai cu. Pintadas no báter*, 2007), por citar algúns exemplos ilustrativos sen afán de exhaustividade.

As pegadas da catástrofe do Prestige están tamén detrás da alegoría que María Lado constrúe en *Nove* (2008), poemario que ten como

eixe temático unha illa de paisaxes fantasmagóricas e desacougantes e por nome Novembro, o mes do afundimento do petroleiro:

así doe novembro.
así doen as moas apretadas contra ti,
coma un barco,
unha traxedia para un pobo. (2008: 10)

A vontade de deixar constancia da cronoloxía do accidente, tanto do mes como, sobre todo, do ano, percíbese en textos aparecidos nesta segunda etapa. Tal acontece no mencionado poema de Mariña Pérez Rei, onde evoca un tempo e un espazo:

Ano *dousmildous*.
Voluntarios.
Praia de Seiruga!
Malpica. (2006: 58)

A fixación cronolóxica percíbese tamén no paratexto de *Berlín*, de María Lado, cando nos agradecementos data o libro “en compostela, a último de xaneiro do segundo ano do barco”.

A pesar de que a catástrofe do Prestige seguiu a estar presente na poesía galega, non volveu ser obxecto de ningunha compilación nin volume colectivo²¹, o que remarca a condición de obras de urxencia e intervención dos catro libros aparecidos en 2003. A persistencia como tema, que se estende ao longo dos anos, fará necesario un estudo conxunto elaborado coa debida distancia temporal. Como hipótese é posíbel adiantar a progresiva substitución do carácter incendiario dos textos por unha vontade de conservar da memoria. Un exemplo desta actitude apréciase no poema “[Cangas-Bueu: Cerqueiro]” de María Reimóndez, autora dun texto citado máis arriba como exemplo de discurso subversivo. A composición forma parte do libro *Galicia en bus* (2018), onde describe unha sorte de viaxe pola xeografía do país. O traxecto que une as dúas localidades mencionadas, percorrido pola liña de autobuses da empresa Cerqueiro, dá pé a unha evocación da *épica necesidade dos mariñeiros que levaron o chapapote nas súas mans e as mulleres que fixeron baliza antifuel*, nun exercicio de recuperación da *memoria da carraxe*:

²⁰ Cf. “Galicia, será a miña xeración quen te salve? / ¿Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas? / Non, a forza do noso amor non pode ser inútil!” (Uxío Novoneyra, *Do Courel a Compostela*).

²¹ Algunhas composicións poéticas foron incluídas en *Prestige 20 voces x 20 anos* (VV.AA. 2022), libro colectivo promovido pola Editorial Galaxia para conmemorar o 20 aniversario da catástrofe.

A outra cara das Cíes
 e os ollos échenseme
 de tinta correndo
 polos mariñeiros que levaron
 o chapatote nas súas mans
 e as mulleres que fixeron
 das nasas
 baliza antifuel.
 Ou viceversa.
 Xa para sempre na memoria
 da carraxe. (2018: 82)

8. Conclusións

A poesía sobre a catástrofe do Prestige constitúe un ciclo que ten a súa orixe nos momentos inmediatamente posteriores ao accidente do petroleiro e nas primeiras mobilizacións cívicas e que continuou activo, aínda que con menor intensidade, nos anos sucesivos. É posíbel polo tanto delimitar unha primeira etapa, marcada pola aparición e catro volumes colectivos e unha segunda, con textos aparecidos en poemarios individuais. Aínda que a poesía do Prestige demandará nalgún momento un estudo conxunto, o presente traballo centrouse fundamentalmente no corpus pechado da primeira parte.

As características editoriais dos catro volumes sitúan esta produción nas coordenadas da poesía de intervención. Neste sentido debe enmarcarse, dentro da literatura galega, na tradición da poesía social e, máis concretamente, na reformulación de discursos que tivo lugar nos albores do novo milenio, unha vez superadas as concepcións pexorativas destas poéticas. O feito de se tratar dunha poesía sobre a degradación do medio fai que resulte pertinente o seu estudo desde a ecocrítica e desde o ecofeminismo. Ao se tratar de textos que teñen como tema o accidente dun petroleiro pode ser tamén estudada desde a petrocultura e a petroficción. A poesía do Prestige debe enmarcarse tamén, na historiografía da poesía galega, nunha longa tradición sobre a escritura do mar que a dota de lexitimidade. A produción compilada nestes libros e dada a coñecer en recitais e actos públicos nos meses das mobilizacións, debe tamén encadrarse no fenómeno da poesía colectiva que ten como obxectivo a defensa

dunha causa e que proliferou en Galicia desde finais da década dos noventa.

A análise da produción desta primeira etapa revela unha vontade de visibilizar o mar agredido pola marea negra. Esta descrición, que se sitúa entre os pólos do realismo e a alegoría, remarca a identificación do *eu* co medio mariño, botando man en moitas ocasións de referentes literarios.

Dentro da diversidade de estéticas que se dá cita na poesía sobre a catástrofe do Prestige é posíbel recoñecer algunhas modalidades discursivas comúns. Son as máis frecuentes o texto incendiario inzado de chamamentos e consignas, o discurso épico, o mito, a alegoría e a parodia.

Especialmente relevantes resultan na análise do corpus as estratexias lexitimadoras dunha poesía de denuncia que contradí os discursos oficiais. Foron estas a comparación do accidente do Prestige con outras catástrofes ecolóxicas ou bélicas, e o emprego de modelos compositivos con prestixio na tradición literaria galega.

A segunda etapa da poesía do Prestige permite formular a hipótese do abandono dos discursos incendiarios que canalizaron a indignación cidadá e esixiron responsabilidades políticas en favor doutros que terman da memoria colectiva e loitan contra o esquecemento. De se confirmar o suposto, habería que recontextualizar o ciclo do Prestige nunha nova coordenada na que se sitúan escrituras sobre a memoria, o ciclo do 36, o das revoltas campesiñas ou o dos movementos estudantís.

Finalmente, cómpre sinalar como a poesía do Prestige, coas súas miradas críticas e as denuncias ecolóxicas, supuxo unha nova maneira de tratar a paisaxe mariña na literatura. Neste senso, alén dunha posíbel baliza periodolóxica, marca unha fronteira na escritura do mar. Tal mudanza foi intuída por María do Cebreiro no “Poema de amor”, incluído en *Alma de beiramar*:

¿Como se estende a mancha? Igual que o amor.
 Negar o azul é máis que nomealo.
 Non falarei do mar: xa non se pode. (AB, 76)

9. Referencias bibliográficas

9.1. Bibliografía primaria

- Angueira, Anxo (1996): *O valo de Manselle*. Vigo Xerais.
- Brea, Mercedes e Pilar Lorenzo Gradín (dirs.) (1995-): *MedDB. Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia), <http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2> [consulta: 15/11/2022].
- Díaz Castro, Xosé María ([1961] 2014): *Nimbos*. Vigo: Galaxia.
- Ferreiro, Celso Emilio (2004): *Poesía galega completa* (ed. Ramón Nicolás). Vigo: Xerais.
- Lado, María (2008): *Nove*. A Estrada: Edicións Fervenza.
- (2006): *Berlín*. Santiago: El Correo Gallego / Concello de Santiago.
- Leo, O (2007): *Hai cu. Pintadas no báter*. Vigo: Xerais.
- Novoneyra, Uxío (1988): *Do Courel a Compostela*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Pérez Rei, Mariña (2006): *Fanerógama*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Pintos, Xoán Manuel ([1853] 2003): *A gaita gallega*. Edición de Carme Hermida. Vigo: Xerais.
- Reimóndez, María (2018): *Galicia en bus*. Vigo: Xerais.
- Riveiro, Elvira (2005): *Andar ao leu*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra / Tambo.
- Seoane, Xavier (2013): *Espiral de sombras*. Pontevedra: Kalandraka.
- VV.AA. (2003a): *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*. Vigo: Asociación de Escritores en Lingua Galega / A Nosa Terra.
- VV.AA. (2003b): *Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent*. Barcelona: Nunca Más Catalunya.
- VV.AA. (2003c): *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra*. Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia / Espiral Maior / Xerais.
- VV.AA. (2003d): *Sempremar. Cultura contra a burla negra*. Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto.
- VV.AA. (2022): *Prestige. 20 voces x 20 anos*. Vigo: Galaxia.
- VV.AA. (2023): *22 ecopoemas contra o cambio climático*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago.

9.2. Bibliografía secundaria

- Acuña Trabazo, Ana e María Xesús Nogueira Pereira (2022): “Escrituras de terra e auga. Palabras e imaxes sobre a desposesión”, *Abriu* 11 (Monográfico “Ecocríticas: Palabras e imaxes”), <https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu/issue/view/2667> [consulta: 15/11/2022].
- Aleixandre, Marilar (2017): “Voces termando da paisaxe galega”. A Coruña: Real Academia Galega, <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/315> [consulta: 15/11/2022].
- Baltrusch, Burghard (1994): “Estéticas de combate. Apuntamentos acerca dun cambio cultural e búsquedas de identidade na literatura galega contemporánea”, *Anuario de estudios literarios galegos* 1994, pp. 85-96.
- Buell, Frederick (2012): “A Short History of Oil Cultures: Or, the Mariage of Catastrophe and Exuberance”, *Journal of American Studies* 46, pp. 273-293.
- Castaño, Yolanda (2005): “Éticas e estéticas dos 90”, en *Entre dous séculos. III Encontro de Novos Escritores/as*. [s. l.]: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 114-117.
- Dacosta, Marta (2005): “A Xeración do Dragón das Letras. A literatura galega ante o século XXI”, en *Entre dous séculos. III Encontro de Novos Escritores/as*. [s. l.]: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 121-127.
- Diamond, Irene e Gloria F. Orenstein (eds.) (1990): *Reweaving the World: The Emergence of Ecofeminism*. San Francisco: Sierra Club Books.
- Estévez-Saá, Margarita e María Jesús Lorenzo-Modia (2018): “The Ethics and Aesthetics of Eco-caring Contemporary Debats of Ecofeminism(s)”, *Women’s Studies. An interdisciplinary journal* 47, pp. 123-146, <https://doi.org/10.1080/00497878.2018.1425509>.
- Fernández Rei, Francisco (2003): “O mar e a poesía galega. Singraduras na construción da patria da lingua”, *Revista Galega de Filoloxía* 4, pp. 11-57.
- Fly Junquera, Carmen (2015): “Ecocrítica y ecofeminismo: diálogo entre la filosofía y la crítica literaria”, en A. Puleo (ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés, pp. 307-320.

- Glotfelty, Cheryl (1996): “Literary Studies in an Age of environmental crisis”, en C. Glotfelty e H. Fromm, *The Ecocriticism Reader: Landmarks in Literary Ecology*. Athens: University of Georgia Press, pp. xv-xxxvii.
- Ghosh, Amitav (1992): “Petrofiction: The Oil Encounter and the Novel”, *The New Republic* 02/03/1992, pp. 12-33.
- González Fernández, Helena (1997): “Rompenite, poderosa pomada”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos* 1997, pp. 47-83.
- González Fernández, Helena (2004): “A poesía nos anos 2000 e 2003. Sobre crises, autoras e unha certa tendencia á institucionalización”, *Anuario Grial de Estudos Galegos* 2003, pp. 115-122.
- Legler, Gretchen T. (1997): “Ecofeminist Literary Criticism”, en Karen J. Warren (ed.), *Ecofeminism: Women, Culture, Nature*. Bloomington: Indiana University Press, pp. 227-238.
- Linheira, Jorge (2018): *La cultura como reserva india. Treinta y seis años de políticas culturales en Galicia*. Madrid: Libros.com.
- López Sández, María (2011): “A representación dos espazos rurais e urbanos na poesía galega actual: imaxinario territorial, localización e globalización”, en M. X. Lama e M. X. Nogueira (coords.), *Poesía galega. Perspectivas críticas e comparadas (Boletín Galego de Literatura 45)*, pp. 47-64, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/306> [consulta: 15/11/2022].
- Lourido, Isaac (2014): *Livros que non lê ninguém. Poesía, movementos sociais e antagonismo político na Galiza*. Santiago de Compostela: Através.
- Mies, Maria e Vandana Shiva (2015): *Ecofeminismo. Teoría, crítica y perspectivas*. Barcelona: Icaria.
- Nixon, Rob (2011): *Slow Violence and Environmentalism of the Poor*. Cambridge: Massachusetts / London: Harvard University Press.
- Nogueira, María Xesús (2003): “A poesía galega actual. Algunhas notas necesariamente provisórias para un estado da cuestión”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 6, pp. 85-97, <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/MADR0303110085A> [consulta: 15/11/2022].
- (2008): “Palabras de tierra para detener la marea. El paisaje en las poetas gallegas actuales”, en M. Palacios González e H. González Fernández (eds.), *Palabras extremas. Escritoras gallegas e irlandesas actuales*. A Coruña: Netbiblo, pp. 3-13.
- (2011): “Identidade, nación e compromiso na poesía galega do novo século escrita por mulleres”, en M. X. Lama e M. X. Nogueira (coords.), *Poesía galega. Perspectivas críticas e comparadas (Boletín Galego de Literatura 45)*, pp. 47-64, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/311> [consulta: 15/11/2022].
- (2016): “Escribir despois de Auschwitz. Apuntamentos sobre conflitos e discursos sociais na poesía galega actual (2000-2024)”, en X. Rodríguez Campos, B. Fernández Herrero e E. Freire Paz (eds.), *A crise de Occidente*. Lugo: Axac.
- (2022): “Seguirán falando os nomes a voces. Toponimia e ecopoesía na literatura galega”, en A. I. Boullón e L. Méndez (eds.), *Estudos de Onomástica Galega VII. A onomástica literaria*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 37-52, <https://doi.org/10.32766/rag.405.03>.
- (2023): “Poesía, espolio e degradación medioambiental. Lecturas desde a ecocrítica e o ecofeminismo”, *Atlánticas. Revista internacional de estudos feministas* 8/1, pp. 17-51, <https://doi.org/10.17979/arief.2023.8.1.9000>.
- Palacios González, Manuela (2017): “Travesías das baleas pola poesía contemporánea de Galicia e Irlanda: Xénero, empoderamento e extinción”, *Madrygal. Revista de Estudos gallegos* 20, pp. 127-145, <https://doi.org/10.5209/MADR.57634>.
- Palacios González, Manuela e Nogueira Pereira (2014): “Endangered Landscapes: Poetic Interventions in Ireland and Galicia?”, en C. Domínguez e M. O’Duibhir (eds.), *Contemporary Developments in Emergent Literatures and the New Europe*. Santiago de Compostela: USC Editora, pp. 185-205.
- Payne, Keith, Lorna Shaughnessy e Martín Veiga (eds.) (2021): *A Different Eden. Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente. Ecopoesía de Irlanda e de Galicia*. Dublin: Dedalus Press.
- Pena Presas, Montse (2011): “Os grupos poéticos tras Letras de Cal: entre a resistencia e a anovación”, en M. X. Lama e M. X. Nogueira (coords.), *Poesía galega. Perspectivas críticas e comparadas (Boletín Galego de Literatura 45)*, pp. 65-77, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/307> [consulta: 15/11/2022].
- Puleo, Alicia (2011): *Ecofeminismo para otro mundo posible*. Madrid: Cátedra.

- Rei Martiz, Antía (2018): *A literatura do Prestige desde unha perspectiva ecocrítica*. Tralaballo de Fin de Grao (dir. C. Domínguez Prieto). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/18129> [consulta: 15/11/2022].
- Shiva, Vandana (1995): *Abrazar la vida. Mujer, ecología y supervivencia*. Madrid: Horas y Horas.
- Vilalba, Isabel (2012): “Ecofeminismo: unha nova ollada á realidade rural desde o imaxinario literario galego”, en G. Sanmartín Rei (coord.), *Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, pp. 113-128.

